

## PLENO

**ACTA 2023/01 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 26/01/2023.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 19:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 2 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 3 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 4 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 5 Alexander Doval Expósito (PP)
- 6 Silvia Suárez García (PP).
- 7 Lidia López Gándaras (PP)
- 8 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 9 José Manuel Mirás Pulleiro (OR).
- 10 María Teresa Cendal Iglesias (OR).
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión a Alcaldesa en funcións D<sup>a</sup>. Beatriz Rodeiro Fernández. Asiste o Interventor da Corporación D. Carlos Temprano Temprano. Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup>. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE) e o Alcalde da Corporación D. Luís Rey Villaverde por estar ausente do termo municipal, tendo delegado as súas funcións a favor da Primeira Tenente de Alcalde que é que preside.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

**I PARTE RESOLUTORIA**

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

- 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 24/11/2022. Acta 10/2022.
- 1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 23/12/2022. Acta 11/2022.

**II PARTE DE CONTROL**

2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditas que van desde a n<sup>o</sup> 1546/2022 do 18/11 ata o 68/2023 do 20/01.

3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 18/11/2022 e o 20/01/2023.

4.- Mocións dos Grupos municipais.

## PLENO

5.- Rogos e preguntas.

A Sra. Alcaldesa en funcións procede a declarar aberta a sesión. Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.**

#### **1.1.-Acta da sesión ordinaria do 24/11/2022. Acta 10/2022.**

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 10/2022 da sesión ordinaria do 24/11/2022 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta aos membros da corporación se algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 4 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos )

Apróbase a acta nº 10/2022 da sesión ordinaria do Pleno do 24/11/2022 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### **1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 23/12/2022. Acta 11/2022.**

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 11/2022 da sesión extraordinaria do 23/12/2022 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 4 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos )

## PLENO

Apróbase a acta nº 11/2022 da sesión extraordinaria do Pleno do 23/12/2022 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### II PARTE DE CONTROL

#### 2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1546/2022 do 18/11 ata o 68/2023 do 20/01.

Dáse conta dos decretos ditados pola Alcaldía desde o 1546/2022 do 18/11 ata o 68/2023 do 20/01 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno.

#### 3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 18/11/2022 e o 20/01/2023.

Dáse conta dos reparos formulados pola intervención municipal entre o 18/11/2022 e o 20/01/2023 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno:

Data	Nº expediente Decreto	Concepto
25/11/2022	2022/G003/001730	Prórroga servizo de limpeza de locais municipais no concello de oroso dende o 22.11.2022 ata o 21.02.2023
30/11/2022	2022/G003/001747	prórroga do contrato servizo de escola de música del concello de oroso dende o 01.12.2022 ata o 30.06.2023
01/12/2022	2022/G003/001758	Facturas relación F-2022-99
29/12/2022	2022/G003/001985	Certificación final da obra Ampliación de calzada de parte do vial que une os núcleos de Piñeiron e Carollo
30/12/2022	2022/G003/001993	Actividades deportivas do 9 de xaneiro a 8 de xuño 2023

#### 4.- Mocións dos Grupos municipais.

Non se presentan mocións.

#### 5.- Rogos e preguntas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quere preguntar pola mutilación das árbores de atrás do Concello que non entenden que se fixo e por que nunhas árbores que teñen mais de cincuenta anos. Considera que é unha desfeita con independencia de que existira unha praga xa que aínda que houbera existían outras solucións e non facer esa mutilación que é un desastre. Seguro que houbo directrices políticas para levar a cabo dita desfeita.

## PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) toma a palabra para solicitar que se proceda a arranxar a estrada de Santo Tomé a Oroso onde está un depósito de auga, igualmente en Cacheiras a altura do número un. Igualmente, sinala que lles solicitaron que no Portiño ao lado do Bar Tapas existe unha parcela que é dun particular e nos pediron que o concello inste a ese particular a que proceda a limpala. Igualmente en Fafián ao final da aldea hai unha marquesiña que está chea de silvas e pedimos que o Concello as corte. Finalmente, no 2018 fixérase unha campaña para a prevención de colonias de gatos nas rúas pero agora nalgunhas rúas volven a existir varios e é un problema para os veciños polo que pedimos que desde o Concello se tome algún tipo de medida.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións quen afirma que en relación ás directrices políticas na poda dos árbores ás que aludiu D. José Manuel Mirás Pulleiro non existiron se non que se fixeron segundo criterios técnicos e afirma que descoñece se o Sr. Mirás Pulleiro é técnico en poda de árbores pero en todo caso se fixo sempre seguindo os criterios da xente que sabe e con intención de humanizar esa zona.

Neste intre a Sra. Alcaldesa en funcións da por rematada a sesión cando son as 19:10 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente  
Luís Rey Villaverde

O Secretario  
Federico Suárez Cancelo.